

OS NÓSOS CORPOS DISIDENTES HABITARÁN TODOS OS DISCURSOS

28 DE XUÑO, DÍA DO ORGULLO LGBTI

Roubámoslles os versos ás poetas
para espallarmos as súas palabras polos ares
e reivindicar

o amor

-disidencia de corpos e palabras-

para, con el,

este 28 de xuño de 2014

reclamar

desde este exilio que en si cansa

un movemento ao mundo,

en cada verso, en cada xesto,

nun manifesto proclamado día a día.

Porque

nunca vimos tanto silencio belixerante

mordendo a destrución de tantos nomes.

Porque sabemos ben

que non rematou o inverno

que as chuvias seguen marcando o paso dos días.

E agardo,

Agardamos... que a chuva pare

que pare.

Porque sabede que falamos

coa certeza de termos sido atados de pernas e

brazos.

Porque eu mesma sei,

coa poeta,

que, cando deixo de ser flor,

molesto,

e entro na casa soa,

na casa azul sen escaleiras ao ceo,
contra os cristais
estrélanse os paxaros.

Porén, sabemos

que do noso amor á beira

aprenderemos a ir sen medo

polos camiños da lúa

e desta Galiza non ausente

de voces a nos descubriren todas as cores.

Porque

desde aquí na varanda que se asoma

abrigamos a expectativa

e somos xa unha nova estación.

Porque hoxe é

un día de apertas ás árbores e mestizaxe de mans,
e por iso

(estamos) todas nós, envolvéndonos coas teas e o
xofre

para este grito conxunto.

Non cabemos na caixa porque somos moitas e
diferentes.

Eis a razón para reconstruírmos

con vogais cadenciadas ao ouvido

as metáforas devoradas polo vento.

E sabede, finalmente, que

aquí en Compostela proclamamos que

nalgures andaremos, nalgunha guerra,

pintando arcos de vella na tormenta,

liñas policromadas coma pontes,

cousas de non matar e bolboretas.

Agradecemos que escribisen estes versos a E. Blanco Amor, P. Cabido, Y. Castaño, M. Dacosta, M. Campo, G. Hermo, M. Leobalde, A. Nunes Brions, A. Romaní, F. Salinas e L. Villalta

